

RESOLUCIÓN REITORAL DO 18 DE SETEMBRO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A OFERTA DOS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2025/2026 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

En virtude do disposto na base 8 da resolución reitoral do 3 de xullo de 2025, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría, **RESOLVE**:

Primeiro. Anunciar as condicións da matrícula de desenvolvemento dos obradoiros da Universidade de Vigo para o primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Pontevedra (Anexo I).

Segundo. Ordenar a publicación da oferta de obradoiros de extensión universitaria para o primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Pontevedra. (Anexo II).

O lugar de publicación da presente resolución realízase no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



OFERTA dos obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2025/2026 no Campus de Pontevedra.**ANEXO I****Condicións de matrícula nos obradoiros do primeiro cuadrimestre do curso 2025-2026 no campus de Pontevedra.**

Período matrícula: do 22 de setembro ao 3 de outubro de 2025.

Criterios de selección: por orde de inscrición ata completar o número prazas ofertadas.

Área de inscrición: realizarase na plataforma “Campus Activo”:
<https://campusactivo.uvigo.gal/>

Importe da matrícula para cada obradoiro será:

Público xeral: 40 euros.

Colectivos A e B da comunidade universitaria: 26 euros

Colectivo C da comunidade universitaria: 32 euros

(A pertenza aos colectivos da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte enlace: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551>)

Causa de cancelación dun obradoiro: non acadar o número mínimo de inscricións especificado na táboa do Anexo II (70% do número prazas ofertadas)

Causas de devolución do prezo da matrícula dos obradoiros, tras solicitude da persoa interesada, cando concorran algunha destas causas:

Cancelación do obradoiro ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.

Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do obradoiro.

Comezo dunha relación laboral (acreditada co informe vida laboral).

Maternidade/Paternidade (acreditada con certificado médico/ certificado filiación).

Enfermidade que impida a asistencia ao curso (acreditada con certificado médico).

Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do obradoiro como consecuencia de erros materiais ou de cálculo non imputables á persoa interesada. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.

Período e proceso de solicitude de devolución do prezo da matrícula: as solicitudes de devolución consecuencia dos puntos do epígrafe anterior poderán presentarse dende o día seguinte a que se produza a causa que xustifica a devolución ata 15 días hábiles despois de finalizado o obradoiro en que fixera a inscrición.

Para iso, través da mesma plataforma de inscrición “Campus Activo” haberá que



acceder a opción “solicitar devolución de taxas” cumprimentando o campo de número de conta bancaria na que se fará efectiva a devolución e achegando a documentación xustificativa.

Diplomas: a Universidade de Vigo expedirá un diploma oficial acreditativo da asistencia de cada participante que seguisse polo menos un 85% das horas totais do curso.

Recoñecemento de créditos ECTS: o estudantado da Universidade de Vigo poderá validar a realización dos obradoiros por créditos ECTS dentro da categoría de actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada horas.



OBRADOIROS NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2025/2026

Solicitudes concedidas definitivamente – Campus Pontevedra

Nome do Obradoiro	Lugar	Prazas ofertadas máximo	Prazas ofertadas mínimo	Duración horas	Horario
Identificación de cogomelos nivel I	Escola de Enxeñaría Forestal	16	11	30	Do 15 de outubro ao 17 de novembro de 2025
Iniciación á Escalada en rocódromo	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	12	8	21	Do 18 ao 25 de outubro de 2025
Artistas e Industrial musical	Facultade de Comunicación	10	7	33	Do 5 ao 28 de novembro de 2025
Obradoiro de Caixas Sonoras	Facultade de Belas Artes	10	7	20	Do 16 ao 24 de outubro de 2025
Iniciación Tufting Gun	Facultade de Belas Artes	10	7	22	Do 21 ao 30 de outubro de 2025
Terras sigillatas	Facultade de Belas Artes	10	7	23	Do 30 de outubro ao 4 de decembro de 2025

CSV : GEN-c2ac-b3da-b9ea-bed9-8cec-94d5-5c38-3bc2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : EVA MARIA LANTARON CAEIRO | FECHA : 18/09/2025 11:17 | Sin acción específica

